Continua a Sr. Huertas Garabana que no capítulo 4 de transferencias correntes increméntase un 6,10% fronte ao repartido en subvención a entidades no último exercicio, o incremento é do 32,3%; e no capítulo 6 de investimentos prevese investir a cantidade 346.428,15 euros.

Indica que no apartado de ingresos, os impostos directos increméntase en 272.419,24 polas modificacións das ordenanzas fiscais do IBI, vehículos e IAE; nos impostos indirectos increméntanse as previsión ao estar en tramitación o Plan parcial do que resultaran ingresos no ICIO e taxa de licencias urbanísticas; o capítulo 3 incrementase pola modificación de ordenanzas que entrarán en vigor o día 1 de xaneiro.

Toma a palabra o concelleiro do BNG, don Luis Pena Mosquera, que indica que son uns orzamentos sen ambicións, deixase o concello tal e como está, recortase en algo máis e gastase un pouco no servizo de axuda a domicilio, pero que non resolve os problemas que ten Pontedeume. Indica que non hai inversións reais en infraestruturas culturais nin deportivas, nin sequera para mellorar as instalacións existentes; non ve que haxa ningunha inversión para mellorar o urbanismo, non ve obras de abastecemento e saneamento; que son os verdadeiros problemas que ten o Concello. Indica que os recursos propios destinados a inversión real son 130.000 sobre un orzamento de 8 millóns de euros, non parece moito. Indica que o seu voto vai ser abstención.

Toma a palabra o concelleiro do PP, don Santiago José Rodríguez Piñeiro que preguntan sobre o anexo de investimentos sobre a actuación “Convenio Deputación marxe dereito Avda. Coruña” e “equipos e procesos de información” a que se refiren; e tamén se poden facilitarlles as cantidades que se inclúen para subvencións as entidades deportivas e culturais.
Toma a palabra o Sr. Presidente, que indica que a “obra da marxe dereita da Avda. Coruña” e unha actuación de humanización da avenida da Coruña e camiño Estreito con acabados similares a r/Firrete; os



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 11:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:30:00)
Versión imprimible
CVD: mKD+jiuzdWJ0vdcmsvnP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

equipos de información é para ordenadores; e a cantidade de subvencións para entidades deportivas son 65.000 euros fronte a 44.000 que foi o que se repartiu o último que houbo a convocatoria; e indica que a subvención a entidades non aparecen porque o Concello xa é colaborador no desenvolvemento das actividades.

Toma a palabra dona Rosario Huertas Garabana para indicar que os orzamentos teñen que ser realistas que se queren facer moitas cousas pero hai que acomodarse ao que entra.

Toma a palabra o Sr. Presidente, para indicar que os investimentos que se fan no concello non só se fan con recursos propios, senón cofinanciados con outras entidades. Considera que non é un orzamento que careza de ambición, porque se está a asumir o custe dos servizos que presta este concello; se paga o que se ten que pagar no servizo de dependencia, xa que o sistema de cofinanciación deste servizo é nefasta, cousa que xa se leva reclamando moito tempo, e hoxe en día o Estado incrementou a financiación, pero a Xunta reduciuna; e os concellos estanse a quedar sen economía para facer fronte a este servizo. Continúa dicindo que está a consumir recursos de investimentos para facer fronte ao servizo e indica que as obras en mantementos das instalacións deportivas, foron realizadas todas con apaortación doutras administracións.

Continúa dicindo que se podería facer un orzamento inflado pero esa non é a realidade, que se tenta facer un orzamento adaptado á realidade económica do Concello, non se trata de facer un "brindis ao sol" porque logo non se ía poder executar, polo menos cos recursos propios que ten o concello.

Indica que facer un orzamento realista non implica renunciar a mellorar infraestruturas deportivas, culturais ou de calquera outro tipo, porque nunca se renunciou, se buscará ou aproveitarán circunstancias que veñan. Indica que este ano tamén hai previsión de que o remanente de tesouraría sexa positivo, algo que non se reflexa no orzamento, que van servir para financiar proxectos que hai previstos e incluso algúns compartidos cos grupos da oposición.

Continúa dicindo que non van a facer un orzamento trampeado, inflando ingresos e gastos, o incremento dos impostos que se vai dar coa modificación das ordenanzas, non da para asumir todos os custos que temos en enerxía, combustibles... e a escola infantil, porque a Xunta vende gratuidade pero iso so pasa nas galiñas azuis; nas municipais a gratuidade supón grande parte do custo, a Xunta só da 12 euros dos 25 que custa; son os grandes gastos do orzamento; luz, combustibles, escola infantil e servizo axuda no fogar. Polo tanto pensa que o orzamento realista que cumpre cos obxectivos deste goberno.

Sen máis intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA DE 9 VOTOS A FAVOR,** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (9), D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dª Mª Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, Dª Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, Dª Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López, Dª. Manuela García Fachal; e **TRES ABSTENCIÓNS** do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), don Luís Pena Mosquera, e dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e Dª. Montserrat Pico Rodeiro, o **ACORDO** seguinte**:**



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 11:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:30:00)
Versión imprimible
CVD: mKD+jiuzdWJ0vdcmsvnP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**PRIMEIRO**.- Aprobar o límite de gasto non financeiro, que marcará o teito de asignación de recursos dos orzamentos, por importe de 8.129.206,85 euros

**SEGUNDO**.- Aprobar o Orzamento Xeral da Corporación, con todos os documentos sinalados nos artigos 165 e 168.1 do TRLFL sinalados anteriormente, segundo o seguinte detalle por capítulos:

| PROXECTO DE ORZAMENTO DO EXERCICIO 2024 | | | |
|---|---|---|---|
| **CAPÍTULOS GASTO** | **EUROS** | **CAPÍTULOS INGRESO** | **EUROS** |
| G1- Gastos de persoal | 3.364.026,77 | I1- Impostos directos | 2.397.728,49 |
| G2- Gastos en bens e servizos | 3.777.042,81 | I2- Impostos indirectos | 350.000,00 |
| G3- Gastos financeiros | 5.000,00 | I3- Taxas e outros ingresos | 1.935.404,72 |
| G4- Transferencias correntes | 496.611,28 | I4- Transferencias correntes | 3.227.165,13 |
| G5-Continxencias | 0 | I5- Ingresos patrimoniais | 5.000,00 |
| G6- Investimentos reais | 346.428,15 | I6- Allem. Inves. Reais | 0,00 |
| G7- Transferencias de capital | 0,00 | I7- Transferencias de capital | 213.908,51 |
| G8- Activos financeiros | 10.000,00 | I8- Activos financeiros | 10.000,00 |
| G9- Pasivos financeiros | 0,00 | I9- Pasivos financeiros | 0 |
| **EMPREGOS (CAP. 1-9)** | **7.999.109,01** | **RECURSOS (CAP. 1-9)** | **8.139.206,85** |

**TERCEIRO**.- Aprobar o cadro de persoal do persoal funcionario e laboral seguinte:

**PLANTILLA DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME**

| PERSOAL FUNCIONARIO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **CÓDIGO** | **POSTO** | **GR./CD** | **Número de prazas** | **Corpo Escala** | **Subescala** | **Situación** | **OBSERVACIÓNS (Situación dos postos na data 28.11.2022)** |
| 01.00.00.01.01 | SECRETARIA XERAL | A1-30 | 1 | H. Nacional | Secretaría. Categoría de Entrada | Propiedade | |
| 01.00.00.02.02 | TECNICO DE ADMINISTRACIÓN LOCAL. | A1-24 | 1 | Ad. Xeral | Técnico Superior | Propiedade | |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 11:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:30:00)
Versión imprimible
CVD: mKD+jiuzdWJ0vdcmsvnP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | XEFE DE SECRETARIA | | | | | | |
| 01.00.00.02.08 | TÉCNICO DE XESTIÓN | A2-24 | 1 | Ad. Xeral | Xestión | Propiedade | |
| 01.00.00.03.03<br>01.00.00.03.04<br>010.00.00.03.09 | ADMINISTRATIVOS | C1-18 | 3 | Ad. General | Administrativa | 2 Propiedade<br>1 Vacante | Adscricións provisionais de funcionarios novo ingreso grupo C1, Resolución Alcaldía nº 92 e 93/2015 |
| 01.00.00.03.05<br>01.00.00.03.10<br>01.00.00.03.11 | AUX. ADMINISTRATIVO ÁREA ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERNO | C2-16 | 3 | Ad. General | Auxiliar | Vacantes | Unha ocupada por funcionaria en comisión de servizos. |
| 01.00.00.03.06 | ALCUACIL - PORTEIRO | E-14 | 1 | Ag. Profesional | Subalterno | Vacante | |
| 02.00.00.01.01 | INTERVENTORA | A1-30 | 1 | H. Nacional | Intervención/ Tesourería Categoría de Entrada | Propiedade | |
| 02.00.00.02.02 | XEFE INTERVENCION | B/C1-22 | 1 | Ad. Xeral | Administrativa | Vacante | Adscrición provisional, funcionario de novo ingreso, grupo C1, Resolución Alcaldía |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 11:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:30:00)
Versión imprimible
CVD: mKD+jiuzdWJ0vdcmsvnP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | 171/2011 |
| 02.00.00.03.05 | ADMINISTRATIVO-INFORMATICO | B/C-20 | 1 | Ad. Xeral | Administrativa | Vacante | Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 10.03.1997, modalidade "obra servizo determinado" categoría Técnico Informático. |
| 02.00.00.03.06 02.00.00.03.09 | ADMINISTRATIVO ÁREA ECONÓMICA /FINANCEIRA. INTERVENCIÓN | C1-18 | 2 | Ad. Xeral | Administrativa | Vacante | Adscrición provisional ao posto de funcionario novo ingreso Resolución Alcaldía 181/2007. na actualidade adscrito provisionalmente ao posto de Xefe de Intervención. |
| 02.00.00.03.11 | AUXILIAR ADMINIST | C2-16 | 1 | Ad. Xeral | Auxiliar | Vacante | |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 11:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:30:00)
Versión imprimible
CVD: mKD+jiuzdWJ0vdcmsvnP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | RATIVO. ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA . INTERVENCIÓN | | | | | | |
| 02.00.00.01.08 | TESOUREIRA | A1-28 | 1 | Ad. Xeral | Administrativa | Vacante | Ocupada na actualidade por funcionaria en réxime de acumulación. |
| 02.00.00.02.03 | XEFE DE XESTIÓN DE PERSOAL E RECADACIÓN | B/C1-22 | 1 | Ad. Xeral | Administrativa | Vacante | Adscrición provisional, funcionario integrado, grupo C1, Resolución Alcaldía 181/2007 |
| 02.00.00.03.10 | ADMINISTRATIVO. ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA. TESOURERÍA | C1-18 | 1 | Ad. Xeral | Administrativa | Vacante | Ocupada por funcionaria interina. |
| 02.00.00.03.07 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO. ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA. TESOURERÍA | C2-16 | 1 | Ad. General | Auxiliar | Vacante | Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 11:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:30:00)
Versión imprimible
CVD: mKD+jiuzdWJ0vdcmsvnP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | asinado o 02.01.2001 , modalidade eventual por circunstancias da produción, categoría auxiliar administrativo. |
| 03.00.00.01.01 03.00.00.01.02 | ARQUITECTO | A1-28 | 2 | Ad. Especial | Técnico Superior | Vacante 1 | 1.- Funcionario o novo ingreso. |
| 03.00.00.02.02 | ARQUITECTO TÉCNICO | A2-24 | 1 | Ad. Especial | Técnico Medio | Vacante. | Funcionario o interino. |
| 03.00.00.03.03 | ADMINISTRATIVO. ÁREA DE URBANISMO | C1-18 | 1 | Ad. General | Administrativa | Propiedade. | Funcionaria con adscrición provisional, na data do 23.04.2021 . |
| 03.00.00.03.04 03.00.00.03.06 | AUX ADMTVO ÁREA DE URBANISMO | C2-16 | 2 | Ad. General | Administrativa | Vacantes | Ocupada por funcionario interino. |
| 03.00.00.03.05 | AUX POL URBAN | C2-16 | 1 | Ad. General | Auxiliar | Vacante | Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 11:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:30:00)
Versión imprimible
CVD: mKD+jiuzdWJ0vdcmsvnP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | 13.01.1997 , modalidade "Obra servizo determinado" categoría auxiliar policía municipal. |
| | | | | | | | |
| 04.00.00.01.02 | OFICIAL DE POLICIA | C1-18 | 1 | Ad. Especial | Servizos Especiais | Vacante | |
| 04.00.00.02.03-10 | POLICIA | C1-16 | 8 | Ad. Especial | Servizos Especiais | 4 Propiedade 4 Vacantes | 1 Adscrición provisional, funcionario, grupo C1, Resolución Alcaldía 181/2007. 3 Adscrición definitiva. |
| 04.00.00.03.11 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE POLICIA | C2-16 | 1 | Ad. Xeral | Auxiliar | Vacante | Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. (Na actualidade presta servizo no rexistro xeral) Último contrato asinado o 14.02.1997 |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 11:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:30:00)
Versión imprimible
CVD: mKD+jiuzdWJ0vdcmsvnP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | , modalidade “obra o servizo determinado” categoría auxiliar policía local. |
| 05.03.00.02.16 | SEPULTUREIRO | E-12 | 1 | Ag. Profesional. Administración Especial | Persoal oficios | Vacante | Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 08.05.2003 modalidade “Interinidade”, categoría sepultureiro. |
| 06.00.00.01.01 | TECNICO MEDIO EN SERVIZOS SOCIAIS | A2-26 | 1 | Ad. Especial | Técnico Medio | Vacante | Funcionaria interina. |
| 06.00.00.03.02 | AUX ADMTVO. ÁREA SERVICIOS SOCIAIS | C2-16 | 1 | Ad. General | Auxiliar | Vacante | Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 16.12.1996 |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 11:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:30:00)
Versión imprimible
CVD: mKD+jiuzdWJ0vdcmsvnP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | , modalidade "obra ou servizo determinado" categoría auxiliar administrativo. |
| 07.00.00.03.02 | ADMINISTRATIVO. ÁREA DE FORMACIÓN E EMPREGO. | C1-18 | 1 | Ad. Xeral | Administrativa | Vacante | |
| 08.00.00.01.01 | TECNICO DE XESTIÓN DEPORTIVA | A2-20 | 1 | Ad. Especial | Técnico Medio | Vacante | |
| 08.00.00.03.02 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO. ÁREA DE DEPORTES. | C2-16 | 1 | Ad. General | Auxiliar | Vacante | Adscrición provisional. Persoal laboral fixo Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.97, modalidade "ordinario por tempo indefinido", categoría auxiliar administrativo, Bases proceso selección BOP. Nº |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 11:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:30:00)
Versión imprimible
CVD: mKD+jiuzdWJ0vdcmsvnP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | 165 de fecha 18.07.1996 |
| 09.00.00.01.01 | BIBLIOTECARIO-ARQUIVEIRO | A1-26 | 1 | Ad. Especial | Técnico Superior | Interinidade | Nomeamento funcionaria interina. Resolución alcaldía 469/2023. |
| 09.00.00.03.03 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO. ÁREA DE CULTURA E TURISMO | C2-16 | 1 | Ad. General | Auxiliar | Vacante | Adscrición provisional. Persoal laboral fixo Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.97, modalidade “ordinario por tempo indefinido”, categoría auxiliar administrativo, a ½ xornada. Bases proceso selección BOP. Nº 165 de fecha 18.07.1996. Escrito ampliación xornada de ½ a completa de data 6 de maio de |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 11:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:30:00)
Versión imprimible
CVD: mKD+jiuzdWJ0vdcmsvnP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | 2003. |
| 09.00.00.02.03 | TÉCNICO TURISMO | A2-20 | 1 | Ad. Especial | Técnica | Vacante | |

| PERSOAL LABORAL | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **CÓDIGO** | **POSTO** | **GR./CD** | **Número de prazas** | **Situación** | **OBSERVACIÓNS (Situación dos postos na data actual)** |
| 01.00.00.02.07 | NORMALIZADOR LINGÜISTICO | II-20 | 1 | Vacante | Adscrición provisional. Persoal laboral temporal, Resolución Alcaldía 181/2007<br>Último contrato asinado o 10.04.1997, modalidade obra ou servizo determinado, categoría técnico normalización. |
| 05.00.00.01.01 | ENCARGADO DE OBRAS E SERVIZOS | III-22 | 1 | Vacante | |
| 05.01.00.02.02-03 | OFICIAL 1ª | IV-14 | 2 | Vacante | |
| 05.01.00.02.05 | OFICIAL 2ª | V-12 | 2 | Vacante | |
| 05.01.00.03.07 | CONDUCTOR | IV-14 | 1 | Vacante | Contrato asinado o día 09.06.2016, modalidade interinidade. |
| 05.01.00.03.08-10 | PEÓN | V-12 | 3 | Vacante (1) | Adscrición provisional de persoal laboral fixo, Resolución Alcaldía 181/2007.<br>Últimos contratos asinados por ambos o 03.02.1997, modalidade indefinido, categoría peón, Bases selección BOP nº 165 de 18.07.1996.<br>Por resolución da Alcaldía nº 129 do 25/03/2015 asignase de xeito temporal a un dos traballadores a realizar traballos de apoio no servizo de recollida de lixo, mantendose nesta situación ao día da data. |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 11:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:30:00)
Versión imprimible
CVD: mKD+jiuzdWJ0vdcmsvnP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 05.02.00.02.12-13 | XARDINEIRO | IV-14 | 2 | Vacante (2) | Posto nº 1.-Último contrato asinado o día 05.08.2002, modalidade interinidade, categoria xardineiro, |
| 05.02.00.03.14 | PEÓN UNIDADE DE PARQUES E XARDÍNS | V-12 | 1 | Vacante | |
| 05.04.00.02.17 | ENCARGADO DE MERCADO | V-12 | 1 | Vacante | |
| 05.05.01.02.18 | ENCARGADO DO PUNTO LIMPO | IV-16 | 1 | Vacante | Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007.<br>Último contrato asinado o 14.02.1997, modalidade "obra o servizo determinado" categoría auxiliar policía local. |
| 05.05.01.02.19-20 | CONDUCTOR CAMIÓN RECOLLIDA DE LIXO | IV-14 | 2 | Vacante (1) | Posto nº 1.-Ocupado por persoal laboral fixo. Adscrición provisional persoal laboral temporal Resolución 181/2007.<br>Posto nº 2.- Adscrición provisional persoal laboral temporal Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 29.10.2001, modalidade interinidade, categoría condutor. |
| 05.05.01.03.21-23 | PEÓN RECOLLIDA DE LIXO | V-12 | 3 | Vacante (1) | Adscricións provisionais persoal laboral fixo, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.1997, modalidade "indefinido, categoría peón, Bases BOP nº 165 de fecha 18.07.1996. |
| 05.05.02.03.25-30 | BARRENDEIRO | V-12 | 6 | Vacante (5) | Posto nº 1.- Adscrición provisional persoal laboral fixo, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.1997, modalidade "indefinido, categoría peón, Bases BOP nº |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 11:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:30:00)
Versión imprimible
CVD: mKD+jiuzdWJ0vdcmsvnP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | 165 de fecha 18.07.1996. Posto nº 2.- Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 17.03.2003, modalidade interinidade, categoría peón. |
| 05.05.03.03.31-38 | LIMPADOR | V-12 | 8 | Vacante (2) | Posto nº 1.- Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 06.02.1992, modalidade contrato de traballo a tempo parcial (½ xornada), categoría conserxe-celador, comunicación de realización xornada completa con escrito de dta 20.01.2000. Posto nº 2.- Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 01.10.1985, modalidade contrato de traballo a tempo parcial (½ xornada), categoría limpadora, interinidade, comunicación de realización xornada completa, por escrito de data 02.10.1997. |
| 06.01.00.02.03 | PSICOLOGO | I-22 | 1 | Vacante | Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 23.12.1996, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría psicologa. |
| 06.01.00.03.04 | ASISTENTE SOCIAL | II-20 | 1 | Vacante | Persoal laboral temporal, Contratación interinidade o 14.04.2010, |
| 06.02.00.02.05 | ANIMADOR SOCIAL | II-20 | 1 | Vacante | Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 16.12.1996, modalidade contrato obras ou |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 11:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:30:00)
Versión imprimible
CVD: mKD+jiuzdWJ0vdcmsvnP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | servizo determinado, categoría animadora. |
| 06.03.00.02.07 | EDUCADOR SOCIAL | II-20 | 1 | Vacante | Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 23.12.1996, modalidade contrato obra ou servizo determinado, categoría educadora. |
| 06.03.00.03.08-15 | AUXILIAR DE FOGAR | V-12 | 8 | Vacante | Posto nº 1.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 06.07.1999, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría auxiliar fogar.<br>Posto nº 2.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 06.07.1999, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría auxiliar fogar.<br>Posto nº 3.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 02.01.2001, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría auxiliar fogar.<br>Posto nº 4.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 02.01.2001, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría auxiliar fogar.<br>Posto nº 5.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 11:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:30:00)
Versión imprimible
CVD: mKD+jiuzdWJ0vdcmsvnP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Último contrato asinado o 03.01.2005, modalidade contrato interinidade, categoría auxiliar fogar. |
| 07.00.00.03.03 | CONSERXE-CONDUCTOR | IV-14 | 1 | Vacante | Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 02.01.2001, modalidade eventual por circunstancias da produción, categoría conserxe-condutor. |
| 07.00.00.03.05 | INFORMATICO | III-18 | 1 | Vacante | |

**PERSOAL LABORAL CON CONTRATOS DE DURACIÓN DETERMINADA.**

| POSTO | N.º de prazas | Período contratación. |
|---|---|---|
| ANIMADOR CULTURAL | 1 | Fin de servizo. |
| ANIMADOR DEPORTIVO | 1 | Fin de servizo. |
| AXENTE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL | 1 | Fin de servizo. |
| PEON, APROL RURAL | 1 | 01/06/2023 a 29/02/2024 |
| PEON (RISGA) | 1 | 14/06/2023 a 13/03/2024 |
| LIMPADOR (RISGA) | 1 | 14/06/2023 A 13/03/2024 |
| PEÓN RECOLLIDA LIXO | 1 | Interinidade (dende o 12/07/2023 por IT de persoal laboral fixo). |

**CUARTO**.- Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2024, polo prazo de 15 días hábiles, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

**QUINTO.-** Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar o orzamento resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal.

**SEXTO.-** Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA; e en aplicación do artigo 8.d) da Lei de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase na sede electrónica.

**REMATE DA SESIÓN**



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 11:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:30:00)
Versión imprimible
CVD: mKD+jiuzdWJ0vdcmsvnP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e vinte e sete minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.

**DILIXENCIA DE APROBACIÓN**

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrado o día 28.12.2023, segundo o borrador asinado o día 20.12.2023. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 02/02/2024 11:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 02/02/2024 14:30:00)
Versión imprimible
CVD: mKD+jiuzdWJ0vdcmsvnP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.